



9N0132904

05/2009

DOÑA CARMEN DIEGO ROZA, Secretaria General de la FUNDACIÓN GALLEGA DE PATOLOGÍA RESPIRATORIA, con D.N.I. número 9.406.410-P,

C E R T I F I C O: que en la reunión del Patronato de la Fundación debidamente convocada y celebrada el día 14 de octubre de 2009, se acordó por unanimidad la modificación de los Estatutos de la Fundación, para su adaptación a la Ley 12/2006, de 1 de diciembre, de fundaciones de interés gallego y al Decreto 14/2009, de 21 de enero, por el que se aprueba el Reglamento de fundaciones de interés gallego, facultándose a la Presidenta de la Fundación para formalizar la correspondiente escritura pública de modificación de estatutos y quedando éstos redactados de la siguiente manera:

En A Coruña, a 14 de octubre de 2009



Secretaria General
Carmen Diego Roza

Vº Bº La Presidenta
Mª del Carmen Montero Martínez

ESTATUTOS DA "FUNDACIÓN GALLEGA DE PATOLOGÍA RESPIRATORIA"

TÍTULO PRIMEIRO DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1.- Denominación e natureza

Ó abeiro do dereito recoñecido no artigo 34.1 da Constitución española, coa denominación de "Fundación Gallega de Patología Respiratoria", constitúese unha organización de natureza fundacional, de interese galego, constituída sen ánimo de lucro, o patrimonio da cal está afectado de modo duradeiro á realización dos fins de interese xeral propios da institución.

Artigo 2.- Personalidade e capacidade

A fundación constituída, unha vez inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, podendo realizar en consecuencia todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento da finalidade para a que foi creada, con suxeición ó establecido no ordenamento xurídico.

Artigo 3.- Réxime


A fundación ten carácter permanente e a súa duración será indefinida.

A fundación rexeráse pola Lei do Parlamento de Galicia 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego; polo Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego ou no seu caso polas disposicións que as substitúan; pola vontade do fundador, polos presentes estatutos, e polas normas e disposicións que en interpretación e desenvolvemento dos mesmos estableza o padroado.

Así mesmo, tamén se rexerá polas disposicións que lle sexan aplicables da Lei 50/2002, de 26 de decembro, de Fundacións, pola Lei 49/2002, de 23 de decembro de Réxime Fiscal das Entidades sen fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado, e polo Real Decreto 1270/2003, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento para a aplicación do Réxime Fiscal das Entidades sen fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado, así como pola demais normativa que sexa de aplicación.

Artigo 4.- Domicilio

A fundación ten o seu domicilio social en Santiago de Compostela, rúa San Pedro de Mezonzo, nº 39, B.

Handwritten signatures and initials on the left margin, including a large signature and the name 'Perego' at the bottom.



9N0132905

05/2009

O padroado poderá promover-lo cambio de domicilio dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a oportuna modificación estatutaria, con inmediata comunicación ao protectorado, na forma prevista na lexislación vixente.

Artigo 5.- Ámbito de actuación

A fundación desenvolverá as súas actividades principalmente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia sen prexulzo de que poda realizar actividades para o cumprimento dos seus fins e establecer relacións instrumentais con terceiros en calquera parte do territorio nacional e do mundo.

TÍTULO SEGUNDO

OBXECTO DA FUNDACIÓN

Artigo 6.- Fins

En xeral, son fins da fundación, fomentar e divulgar o coñecemento científico das enfermidades do aparato respiratorio, como medio para acadar un mellor tratamento das mesmas e a súa máis eficaz prevención, impulsando o estudo de factores económico-sociais que inflúen no benestar dos doentes, contribuíndo á formación de médicos especialistas e ó perfeccionamento profesional de todos seus membros.

En particular, e con base no sinalado anteriormente, considéranse actividades importantes para o cumprimento dos fins, a promoción e organización de contactos interprofesionais, congresos, estudos, seminarios e cantas actividades teñan por obxecto a divulgación, a formación, a especialización e o perfeccionamento dos profesionais médicos desta especialidade.

Artigo 7.- Actividades fundacionais

Para a consecución dos fins mencionados no artigo anterior, a fundación poderá:

- a) Establecer as estruturas organizativas pertinentes.
- b) Facilitar intercambios de información mutua.

NOTARIA DE D. JUAN CORRAL GUERRERO
A CORUÑA

- c) Constituír servizos de asesoramento para os seus membros e organizar xornadas de estudo e orientación.
- d) Dirixirse ós poderes públicos coas iniciativas oportunas e solicitar ser oída na elaboración da normativa legal ou regulamentaria que afecte ós fins da fundación.
- e) Promover estudos e publicacións.
- f) Calquera outras actividades que afecten ou incidan nos fins estatutariamente establecidos.

Artigo 8.- Liberdade de actuación

O padroado terá plena liberdade para determina-las actividades da fundación, tendentes á consecución daqueles obxectivos concretos que, a xuízo daquel e dentro do cumprimento dos seus fins, sexan os máis adecuados ou convenientes en cada momento.

TITULO TERCEIRO

REGRAS BÁSICAS PARA A APLICACIÓN DOS RECURSOS AO CUMPRIMENTO DOS FINS FUNDACIONAIS E PARA A DETERMINACIÓN DOS BENEFICIARIOS

Artigo 9.- Destino das rendas e ingresos

Á realización dos fins fundacionais deberá ser destinado, polo menos, o setenta por cento dos resultados das explotacións económicas que se desenvolvan e dos ingresos que se obteñan por calquera outro concepto, deducidos os gastos realizados para a súa obtención, debéndose destinar o resto a incrementa-la dotación fundacional ou as reservas segundo acordo adoptado polo padroado. Non se incluírán no cálculo dos ingresos as doazóns recibidas en concepto de dotación.

Os gastos de administración non poderán supera-la porcentaxe fixada na lexislación vixente.

Artigo 10.- Beneficiarios



9N0132906

05/2009

Serán beneficiarios da fundación as persoas físicas ou xurídicas, que reúnan algunha das seguintes condicións:

- que sexan membros da "Sociedad Gallega de Patología Respiratoria" ou que sen selo, sexan profesionais médicos especialistas nas enfermidades do aparato respiratorio,
- aqueles que acrediten méritos suficientes na realización de investigacións científicas ou culturais relacionadas cos fins fundacionais
- ou calquera outros que o padroado estime que contribúen ó cumprimento dos fins da fundación.

A determinación dos beneficiarios será efectuada polo padroado con criterios de imparcialidade e non discriminación.

TÍTULO CUARTO
GOBERNO DA FUNDACIÓN: O PADROADO


Artigo 11.- Natureza

O padroado é o órgano de goberno, representación e administración da fundación, e executará as funcións que lle corresponden sen máis limitacións que as establecidas nas leis e nos presentes estatutos.

O padroado é titular de tódalas facultades e potestades que en Dereito se precisen para o eficaz desenvolvemento dos fins fundacionais, e interpretará os presentes estatutos.

Sen prexuízo de que o protectorado exerza as facultades que as leis lle atribúen sobre as fundacións privadas, o padroado é soberano no exercicio da súas funcións e poderá levar a efecto toda clase de actos e negocios xurídicos sen máis requisitos e formalidades que as establecidas nas leis.

Artigo 12.- Composición



O padroado estará integrado por once membros en representación da "Sociedad Gallega de Patología Respiratoria", a cal nomeará ós membros do padroado de acordo coas súas propias normas de funcionamento.

Artigo 13.- Duración do mandato

O período de mandato dos membros do padroado será coincidente co do presidente da "Sociedad Gallega de Patología Respiratoria", o cal será elixido cada dous anos podendo ser reelixido por un período doutros dous anos máis.

Expirado o período ó que se refire o apartado anterior, o padroado continuará no exercicio das súas funcións ata a nova constitución resultado do órgano, procurando en dito lapso xestionar con plenitude a totalidade das actividades ordinarias e de trámite e diferir as cuestións transcendentais en canto fora posible salvo que poidan afectar ós fins da fundación.

Artigo 14.- Nomeamento e substitución de patróns

As vacantes que se produzan entre os membros do padroado serán cubertas por acordo da "Sociedad Gallega de Patología Respiratoria", que nomeará ós membros que teñan que representala.

O prazo para cubrir vacantes será de dous meses desde que se produza a vacante.

Os acordos para nomear patróns deberán ser aprobados por maioría absoluta dos membros do padroado.

As substitucións dos patróns comunicaránselle formalmente ó protectorado e inscribíranse no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Artigo 15.- Aceptación do cargo de patrón

Os patróns entrarán a exercer as súas funcións despois de teren aceptado expresamente o seu cargo.



9N0132907

05/2009

Esta aceptación poderá constar no outorgamento da carta fundacional, en documento público independente, en documento privado con sinatura lexitimada por un feudatario público, mediante comparecencia realizada ante o Rexistro de Fundacións de Interese Galego, ou perante o padroado, acreditándose mediante certificación expedida polo secretario.

A aceptación comunicárase formalmente ó protectorado para a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Artigo 16.- Cesamento dos patróns

Cesamento dos patróns da fundación producirase nos supostos seguintes:

- a) Por morte ou declaración de falecemento.
- b) Por incapacidade, inhabilitación ou incompatibilidade, de acordo co establecido na lei.
- c) Por cesamento no cargo da "Sociedad Gallega de Patología Respiratoria" en razón do cal foron nomeados membros do padroado, sen prexuízo da súa substitución polo novo titular do cargo.
- d) Por non desempeña-lo cargo coa dilixencia dun representante leal, se así se declara en resolución xudicial firme.
- e) Por resolución xudicial firme que acolla a acción de responsabilidade polos actos de responsabilidade establecidos legalmente.
- f) Polo transcurso do período do seu mandato, sen prexuízo da súa posible reelección.
- g) Por renuncia, que poderá levarse a cabo por calquera dos medios e mediante os trámites previstos para a aceptación, a cal producirá efecto desde o momento en que se lle notifique fidedignamente ó padroado.
- h) Por remoción acordada pola "Sociedad Gallega de Patología Respiratoria" ou polo padroado da fundación, neste último caso, co voto favorable de dous tercios dos asistentes sempre que ademais supoña maioría absoluta do número dos seus membros.
- i) Polas demais causas que se establezan nos presentes estatutos.



O cesamento dos patróns comunicarase formalmente ó protectorado e inscribirase no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Artigo 17.- Organización do padroado

O padroado designará de entre os seus membros un presidente, un vicepresidente, un secretario e un tesoureiro-contador. O presidente deberá coincidir co presidente da "Sociedad Gallega de Patología Respiratoria".

Estes cargos serán elixidos polo padroado, a proposta de calquera dos seus membros, sendo preciso que o acordo se adopte por maioría absoluta dos asistentes.

Artigo 18.- O presidente


A presidencia da fundación a ostenta o Presidente da "Sociedad Gallega de Patología Respiratoria".

Ó presidente correspóndelle exercer a representación da fundación ante toda clase de persoas, autoridades e entidades públicas ou privadas; convocará as reunións do padroado, presidiráas, dirixirá os seus debates e, se é o caso, executará os acordos, podendo para isto realizar toda clase de actos e asinar aqueles documentos necesarios para tal fin.

Artigo 19.- O vicepresidente

Corresponderá ó vicepresidente realizar as funcións do presidente nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou impedimento de calquera orde, podendo actuar tamén en representación da fundación, naqueles supostos en que así se determine por acordo do padroado.

Artigo 20.- O secretario






9N0132908

05/2009

O cargo de secretario poderá recaer en persoa allea ó padroado, tendo, neste caso, voz pero non voto.

Son funcións do secretario:

- a) Exercer a secretaría dos órganos colexiados da fundación, asistindo as súas sesións con voz para informar e asesorar pero sen voto cando non sexa membro deles.
- b) A asesoría xurídico-administrativa da fundación.
- c) Efectuar a convocatoria das reunións do padroado por orde do presidente, así como as citacións dos seus membros.
- d) Certificar os acordos do padroado, co visto e prace do presidente, e en xeral ser feudatario de todos os actos, resolucións e acordos levantando as correspondentes actas das sesións e incorporándoas ó correspondente Libro de Actas, encargándose da súa levanza, e podendo expedir certificacións de todo elo.
- e) Conservar a documentación da fundación e reflectir debidamente no Libro de Actas o desenvolvemento das reunións.
- f) Exercer a xefatura de secretaría e os servizos xurídico-administrativos.
- g) Asistir e colaborar cos órganos unipersoais e colexiados da fundación e coidar da adecuada execución das resolucións e acordos.
- h) Encargarse do despacho burocrático e calquera outras funcións que se establezan, así como as que a presidencia lle encomende ou delegue en cuestións de mero trámite.
- i) Calquera outra función inherente á condición de secretario ou prevista nos estatutos da fundación.



O padroado poderá nomear un vicesecretario que asumirá as funcións do secretario en caso de vacante, ausencia ou enfermidade deste.

Artigo 21.- O tesoureiro-contador

O tesoureiro-contador exerce as funcións económicas e financeiras, elabora, de acordo co presidente, os anteproxectos de presupostos, intervén gastos e pagos,

redacta liquidacións e contas, formaliza a contabilidade e desempeña as demais inherentes á función fiscalizadora e contable.

Artigo 22.- Membros da fundación

Os integrantes da fundación poden ser membros fundadores, adheridos e de honra.

A entidade ou membro fundador desta Fundación é a "Sociedad Gallega de Patología Respiratoria".

Con posterioridade ó outorgamento da Carta Fundacional poderán adherirse a esta fundación aquelas entidades que, presentando a súa solicitude, lles fose aceptada polo padroado e fixesen efectiva a contribución económica establecida.

O acordo de incorporación de novos membros esixirá a maioría absoluta do padroado.

O padroado poderá nomear "membros de honra" ás persoas físicas ou xurídicas que contribuíran dunha maneira sobresaínte á consecución dos fins da fundación.

Artigo 23.- Facultades do padroado

Na súa actuación, o padroado deberase axustar ó preceptuado na lexislación vixente.

Corresponde ó padroado cumprir os fins fundacionais e administrar con dilixencia os bens e dereitos que integran o patrimonio da fundación mantendo plenamente o seu rendemento e utilidade.

Con independencia das funcións que lle atribúen os presentes estatutos e sen prexuízo de solicitar, se é o caso, as preceptivas autorizacións ó protectorado, a título meramente enunciativo, serán facultades do padroado:


- a) Exerce-lo goberno, a representación, inspección, vixilancia e orientación da fundación.



9N0132909

05/2009

- b) Interpretar e desenvolve-los presentes estatutos e, se é o caso, adoptar acordos sobre a súa modificación, de acordo cos requisitos establecidos na lexislación vixente.
- c) Fixa-las liñas xerais sobre a distribución e aplicación dos fondos dispoñibles entre as finalidades da fundación.
- d) Acordar a apertura e peche dos seus centros, oficinas e delegacións.
- e) Nomear apoderados xerais ou especiais, outorgar poderes así como a revogación dos mesmos.
- f) Aprobar o plan de actuación e as contas anuais que serán obxecto de presentación ó protectorado.
- g) Delega-las súas facultades en un ou máis patróns, sen que poidan ser obxecto de delegación: a aprobación das contas anuais e do plan de actuación, a modificación dos estatutos, o acordo de fusión, extinción ou liquidación da fundación e calquera acto que precise a autorización ou aprobación do protectorado.



 D. JUAN CORA GUERRERO

 A CORUÑA


Artigo 24.- Reunións do padroado e convocatoria

O padroado celebrará sesións ordinarias ou extraordinarias, podendo estas últimas ser urxentes en virtude de resolución motivada pola presidencia ou xerencia, no seu caso.

Celebraranse sesións ordinarias, polo menos, dúas veces ó ano e tantas veces como así o decida o presidente do padroado, o xerente, no seu caso, ou a petición das dúas terceiras partes dos membros do padroado, debendo, neste último caso, convocarse e celebrarse no prazo máximo de 15 días dende a petición.

As reunións do padroado serán convocados polo secretario por orde do presidente con fixación da orde do día, tendo en conta, se é o caso, as petición dos demais membros.

A convocatoria faráselle chegar a cada un dos membros, polo menos, con nove días de anticipación á data da súa celebración, por calquera medio que permita deixar constancia da súa recepción, facendo constar o lugar, día e hora de celebración da reunión, xuntándose, así mesmo, a orde do día.



Non será precisa convocatoria previa cando se encontren presentes tódolos patróns e acorden por unanimidade a celebración da reunión.

Artigo 25.- Formas de deliberar e adoptar acordos

As reunións do padroado entenderanse validamente constituídas cando concorran a elas, presentes ou representados, na forma legalmente establecida, polo menos seis dos seus membros.

Cada membro do padroado poderá conferir a súa representación nas reunións do padroado a calquera dos restantes membros do mesmo mediante comunicación escrita dirixida ó presidente con carácter especial para cada reunión.

Nas sesións ordinarias e extraordinarias só se poderán resolver os asuntos incluídos na orde do día, salvo que a cuestión se declare de urxencia, para o que será preciso que estean presentes polo menos seis dos membros do padroado.

Compete ó presidente someter a votación os acordos e, se é o caso, executalos adoptando as resolucións pertinentes e firmando os documentos precisos para tal fin.

Os acordos serán inmediatamente executivos e adoptaranse pola metade máis un dos asistentes – salvo para aqueles acordos para os que os presentes estatutos esixan unha maioría cualificada – sendo dirimente, en caso de empate, o voto do presidente.

Artigo 26.- Actas das reunións

Das reunións do padroado levantarase acta polo secretario, na que constarán os asistentes, a orde do día, as circunstancias do lugar e tempo da reunión, os puntos principais das deliberacións e o contido dos acordos adoptados.

Na acta figurará, a solicitude dos respectivos membros do padroado, o voto contrario ó acordo adoptado, a súa abstención e os motivos que en ambos casos o xustificuen, tendo, así mesmo, calquera membro dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa



9N0132934

05/2009

intervención ou proposta sempre que facilite no acto, ou no prazo que sinalo o presidente, o texto que se corresponda fielmente ca súa intervención.

A acta será aprobada, na mesma ou na seguinte reunión, por tódolos membros presentes na reunión á que se refira a acta a aprobar e, unha vez aprobada, transcribírase no correspondente libro de actas e será asinada polo secretario co visto e prace do presidente.

O secretario poderá emitir certificados dos acordos específicos adoptados sen prexuízo da aprobación posterior da acta, facendo constar a súa non aprobación provisional.

O presidente requirirá a presenza dun notario que redacte a acta da reunión sempre que, con catro días de antelación a súa celebración, así o soliciten polo menos catro membros do padroado, non sendo necesario neste caso que o padroado probe a acta.

Artigo 27.- Dereitos e obrigas dos membros do padroado

Son dereitos dos membros do padroado:

- a) Recibir a convocatoria coa orde do día e asistir ás xuntanzas dos órganos dos que formen parte.
- b) Exercer o dereito de voto
- c) Obter a información precisa para o cumprimento das súas funcións

Son deberes dos membros do padroado:

- a) Cumprir e facer cumprir fielmente os fins fundacionais.
- b) Administrar os bens e dereitos que integran o patrimonio da fundación mantendo o seu rendemento, utilidade e produtividade segundo os criterios económico-financeiros dun bo xestor.
- c) Asistir ás xuntanzas do padroado e velar pola legalidade dos acordos que nelas se adopten.

COPIA DE D. JUAN COBAGO GUERRA
 Nihil in Plus Fide
 A CORUÑA

O padroado dará información suficiente dos fins e actividades da fundación para seren coñecidos polos seus eventuais beneficiarios e demais interesados.

Artigo 28.- Responsabilidades dos patróns

Os patróns deberán desempeñar o seu cargo coa dilixencia dun representante leal.

Os patróns responderán solidariamente fronte á fundación dos danos e perdas que causen por actos contrarios á lei ou ós estatutos ou polos realizados sen a dilixencia coa que deben desempeñar o cargo.

Quedarán exentos de responsabilidade os que votasen en contra do acordo e os que proben que, non intervindo na súa adopción e execución, descoñecían a súa existencia ou, coñecéndoa, fixeron todo o conveniente para evitar o dano ou, polo menos se opuxeron expresamente a aquel.

Artigo 29.- Carácter gratuíto do cargo de patrón

Os patróns exercerán o seu cargo sen que, en ningún caso, poidan percibir retribución polo desempeño da súa función.

Os patróns terán dereito a seren reembolsados dos gastos debidamente xustificadas que o desempeño da súa función lles ocasione.

O padroado poderá fixar unha retribución adecuada a aqueles patróns que presten á fundación servizos distintos dos que implica o desenvolvemento das funcións que lles corresponden como patróns, debendo dar conta do mesmo ó protectorado no prazo máximo dun mes.

Artigo 30.- Consellos asesores.



9N0132935

05/2009

O padroado poderá crear consellos asesores e de estudo, así como órganos similares con funcións de apoio e asesoramento, para o mellor desenvolvemento dos fins fundacionais.

A creación destes órganos deberá ser notificada ao protectorado e inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Artigo 31.- Xerente e comisións do padroado

O padroado poderá acordar a contratación dun apoderado xeral ou xerente no que poderá delegar a facultade de xestión ordinaria e administrativa da fundación coa facultade expresa de convocar ó padroado, que poderá ser unha persoa física ou xurídica que conte con solvencia técnica acreditada.

Sempre que o volume da xestión ou calquera outra circunstancia o aconselle, o padroado poderá acordar a constitución de comisións formadas polo número de membros do padroado que se determine no acordo de creación e coa denominación que se crea conveniente, nas cales poderán delegarse as funcións e competencias que o padroado considere oportuno coas limitacións previstas nos presentes estatutos en canto ás facultades indelegables.

O padroado poderá outorgar ou revogar poderes xerais e especiais.

Deberán inscribirse no Rexistro de Fundacións de Interese Galego as delegacións de facultades do padroado, os acordos de constitución de comisións, os apoderamentos e as súas revogacións.

TÍTULO QUINTO RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 32.- Patrimonio fundacional

O patrimonio da fundación pode estar integrado por toda clase de bens, dereitos e obrigas susceptibles de valoración económica que integren a dotación, así como por

NOTARIA DE D. JUAN CORRAL GUERRERO
ANILLI PRIUS FIDE
CORUÑA

[Handwritten signature]

aqueles que adquira a fundación con posterioridade á súa constitución, aféctense ou non á dotación.

A adquisición, administración e disposición do patrimonio corresponde ó padroado de acordo cos presentes Estatutos e con suxeición ó establecido na lexislación vixente.

Os bens e dereitos integrantes do patrimonio da fundación figurarán ó seu nome e constarán nos seus inventarios, debendo inscribirse nos rexistros correspondentes aqueles que sexan susceptibles de inscrición.

Artigo 33.- Dotación da fundación

A dotación da fundación estará integrada por tódolos bens e dereitos que constitúen a dotación inicial da fundación e por aqueles outros que no sucesivo se acheguen con ese carácter.

Artigo 34.- Adscrición do patrimonio fundacional

Os bens e dereitos que conforman o patrimonio, así como as rendas que produzan, quedarán vinculados ó cumprimento dos fins que a fundación persegue.

Artigo 35.- Financiamento

A fundación, para o desenvolvemento das súas actividades, financiarase cos recursos que proveñan do rendemento do seu patrimonio e, se fora o caso, con aqueles outros procedentes das axudas, subvencións ou doazóns que reciba de persoas ou entidades, tanto públicas como privadas.

A fundación poderá percibir cantidades derivadas de actividades e servizos directamente prestados por ela ós seus beneficiarios sempre que:

- a) Non desvirtúe o interese xeral para a Comunidade Autónoma.
- b) Non sexan contrarios a vontade fundacional



9N0132936

05/2009

- c) Non implique unha limitación inxustificada do ámbito dos seus posibles beneficiarios.

Artigo 36.- Réxime financeiro

O exercicio económico coincidirá co ano natural.

A fundación, ademais do Libro de Actas, levará necesariamente un Libro Diario e un Libro de Inventarios e Contas Anuais, e aqueles outros que sexan convenientes para o bo orde e desenvolvemento das súas actividades, así como para o adecuado control da súa contabilidade.

Na xestión económico-financeira, a fundación rexerá de acordo cos principios e criterios xerais determinados na normativa vixente.

Artigo 37.- Elaboración do Plan de actuación e presentación das Contas Anuais

O padroado elaborará e remitirá ao protectorado nos últimos tres meses de cada exercicio, un Plan de actuación no que se conteñan os obxectivos e as actividades que se teña previsto desenvolver no exercicio seguinte.

O padroado, ou a persoa que este designe, formulará as contas anuais que deberán ser aprobadas polo padroado no prazo de seis meses desde o peche do exercicio económico, e presentaranse ante o protectorado no prazo de vinte días hábiles seguintes á súa aprobación para o seu exame e posterior depósito no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

As contas anuais, que comprenden balance, conta de resultados e memoria, forman unha unidade, deben ser redactadas con claridade e mostrar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da fundación.

A memoria completará, ampliará e comentará a información contida no balance e na conta de resultados, e incorporará un inventario dos elementos patrimoniais da fundación. Ademais, incluírase na memoria as actividades fundacionais, os cambios no

Notario D. JUAN CORRAL
 Nihil in Fide
 Notario de la Coruña

Notario

órgano de goberno, dirección e representación, así como o grado de cumprimento do plan de actuación, indicando os recursos empregados, a súa procedencia, o número de beneficiarios en cada unha das distintas actuacións realizadas, os convenios que no seu caso se subscribirán con outras entidades para estes fins, así como o grado de cumprimento do destino de rendas e ingresos.

Se a fundación se encontra dentro dos requisitos legais establecidos, os documentos anteriores someteranse á auditoría externa, remitindo ó protectorado o informe da mesma xunto coas contas anuais.

TÍTULO SEXTO

DA MODIFICACIÓN, AGREGACIÓN OU EXTINCIÓN

Artigo 38.- Modificación de estatutos

Por acordo do padroado, poderán ser modificados os presentes estatutos, sempre que resulte conveniente ós intereses da fundación e se cumpran os requisitos previstos na lexislación vixente.

Para a adopción de acordos de modificación, será necesario o voto favorable das dúas terceiras partes dos asistentes á reunión, sempre que supoña maioría absoluta dos membros do padroado.

A modificación ou nova redacción dos estatutos acordada polo padroado deberá ser comunicada ao protectorado, formalizada en escritura pública e inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Artigo 39.- Fusión con outra fundación

A fundación poderase fusionar con outra ou outras, logo de acordo dos respectivos padroados.



9N0132937

05/2009

O acordo de fusión deberá ser aprobado co voto favorable das dúas terceiras partes dos asistentes á reunión, sempre que supoña maioría absoluta dos membros do padroado.

A fusión requirirá comunicación ao protectorado, formalización en escritura pública e inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Artigo 40.- Escisión da fundación

Poderá procederse a escisión ou creación doutra ou doutras fundacións mediante a segregación dunha ou varias partes do seu patrimonio xustificando o mellor cumprimento dos fins fundacionais da escindida.

A escisión con creación dunha nova fundación requirirá o acordo motivado do padroado e a súa comunicación ó Protectorado xuntándose informe xustificativo da escisión no que se expoñerá o modo en que afectará ós fins e actividades da fundación.

A escisión con transmisión do escindido a outra ou outras fundacións xa existentes requirirá o acordo motivado dos respectivos padroados, o outorgamento de escritura pública, a autorización do protectorado e a inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

En tódolos casos, o acordo de escisión deberá ser aprobado co voto favorable das dúas terceiras partes dos asistentes á reunión, sempre que supoña maioría absoluta dos membros do padroado.

Artigo 41.- Extinción da fundación

A fundación extinguirase polas causas e de acordo cos procedementos establecidos pola lexislación vixente.



Artigo 42.-. Liquidación e adxudicación

Notaria de D. JUAN CORA GIL
 Nihil inus fidei
 Notaria de A Coruña

2009

A extinción da fundación determinará a apertura do procedemento de liquidación que será realizada polo padroado baixo o control do protectorado.

Os bens e dereitos resultantes da liquidación daráselles o destino que decida o padroado de acordo co establecido na lexislación vixente.

A vertical handwritten signature in black ink, appearing to be a stylized name.A handwritten signature in black ink, consisting of a large loop followed by smaller characters.A long, thin, diagonal line drawn across the page from the upper left towards the lower right.